



**SAN SIMÓN CONVERTERASE NO REFERENTE DO PATRIMONIO CULTURAL**

**GALEGO-PORTUGUÉS** Margareth Menezes xa está na Ria de Vigo para participar no concerto de Cores do Atlántico na Illa de San Simón. A "Maga" está por primeira vez en Galicia para acompañar aos artistas que van presentar o disco Cores do Atlántico na illa de San Simón. Margareth Menezes participou na XV edición de Ponte...nas ondas! compondo o tema Portugaliza, tema que será interpretado mañá no concerto.

Cores do Atlántico poderá ser seguido en directo a través da Web:

[www.coresdoatlantico.eu](http://www.coresdoatlantico.eu)

a través dunha complexa realización técnica a cargo do equipo de

[Casa de Tolos](#)

de Gondomar.

Unha representación do mundo da cultura e das institucións de Galicia e do Norte de Portugal, convidados polo proxecto Creativa da AGADIC e a Fundación Illa de San Simón, asistirán en directo ao concerto da illa de San Simón.

Un barco, que contará cunha posta en escena do proxecto Cores do Atlántico a cargo dunha compañía de teatro, levará ás 150 persoas desde o peirao de Vigo ata a Illa de San Simón.

Na ermida da illa de San Simón estarán expostas as obras do artista lucense Quique Bordell que están incorporadas ao libro-disco.

+ info:

[www.coresdoatlantico.eu](http://www.coresdoatlantico.eu)